

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación dos padróns fiscais das taxas polo Servizo de Axuda no Fogar de abril de 2025

EDICTO

Por resolución de Alcaldía, de data 06/05/2025, acordouse:

PRIMEIRO: Pola necesidade de aprobar, con carácter de urxencia, os padróns fiscais correspondentes ás taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de **dependencia e libre concorrencia**, do mes de abril de 2025, e de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro avocar a firma da resolución.

SEGUNDO: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de **Dependencia**, do mes abril de 2025, que comenza por 3255****M e remata por Y95*****T, cun total de 186 contribuíntes e por importe de 19.992,15€.

TERCEIRO: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de **Libre Concorrencia**, do mes de abril de 2025, que comenza por 3259****F e remata por 112*****D, cun total de 12 contribuíntes e por importe de 476,93 €.

Exposición: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP.

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas aos padróns, tódolos interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Recursos: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 7 de maio de 2025

A alcaldesa- presidenta

Marián Ferreiro Díaz

2025/2856